

## Orde de Reintegro de gastos de formación

ano	adxudicadas	remanente	solicitudes	concedidas	denegadas	renuncias
2025	11.903,24	188.096,76	96	46	42	4
2024	11.546,82	188.453,18	87	38	43	6
2023	5.653,76	94.346,40	71	27	44	0

Mantense a partida de 200.000€ do curso pasado. Xa no seu momento denunciámos que o incremento recollido como un capítulo máis dos logros históricos do acordo da vergoña de outubro de 2023 era unha farsa porque non se garantía que o remanente se vinculase coa formación do profesorado, por exemplo aumentando os fondos para as licenzas retribuídas. Do ano 2025 só se pagaron un total de 11.903,24€ para un total de 46 docentes o que revela a escasa incidencia desta iniciativa. O remanente, un total de 188.096,76€ perdeuse polo camiño. Reiteramos a nosa demanda dun prazo aberto durante todo o curso académico e con suficiente publicidade por parte da administración para favorecer o seu coñecemento polo profesorado. Na comisión de valoración debe existir presenza sindical.

Se botamos un ollo ás diferentes resolucións (2023, 2024 e 2025) atoparemos que de entre as 71 e 96 solicitudes anuais, menos da metade acaban con concesión e a maior parte do diñeiro anunciado queda sen gastar.

### Achegas ao articulado

#### Nova proposta de redacción do artigo 6.

Estas axudas cobren os gastos de matrícula, desprazamentos, mantenza e aloxamento.

A actual redacción do artigo 6 establece que: “As axudas cobren exclusivamente gastos de matrícula e desprazamentos, sen incluíren en ningún caso os gastos de mantenza e aloxamento”.

Esta limitación entra en contradición co espírito do Decreto 75/2025, do 4 de agosto, polo que se regula a formación permanente do profesorado, que recoñece expresamente “a formación permanente como un dereito e un deber do profesorado e unha responsabilidade da Administración educativa”,

comprometéndose esta a “establecer as medidas de corresponsabilidade oportunas para favorecer a participación do profesorado nelas”.

Así mesmo, o artigo 6 do citado decreto recolle que as iniciativas individuais de formación “poderán contar cun sistema de axudas económicas”. É dicir, recoñécese a necesidade de apoiar economicamente a participación do profesorado que realiza formación permanente e facilitar o acceso ás actividades formativas que contribúan ao seu desenvolvemento. Neste sentido, limitar estas axudas unicamente á matrícula e desprazamento deixa sen cobertura unha parte inherente á participación nas actividades formativas, fóra da localidade, no Estado Español ou no estranxeiro: a mantenza e o aloxamento. Ademais, en determinadas actividades formativas desenvolvidas ao longo de varios días consecutivos, a ausencia de cobertura dos gastos de mantención e aloxamento pode obrigar o profesorado a realizar desprazamentos diarios de longa distancia (que recolle o artigo 6), xerando un custo económico incluso superior ao que suporía asumir unha estada puntual no lugar de realización da actividade. Isto provoca unha situación pouco eficiente desde o punto de vista económico, organizativo e de seguridade, ao tempo que dificulta a conciliación e as posibilidades reais de participación do profesorado nas formacións.

Ademais, a Administración recoñece uns importes por axudas de custo por razóns de servizo, contías específicas para gastos de mantención e aloxamento do persoal funcionario dos subgrupos A1 e A2, recoñecendo implicitamente que estes gastos forman parte inherente da participación en actividades realizadas fóra do lugar habitual de traballo. Neste sentido, en base ao espírito do citado Decreto de formación do profesorado o gasto de mantenza e

alojamento tamén ten cabida dentro da Orde de axudas destinadas á formación do profesorado.

[Aceptan incluír a manutención e o alojamento así como que o persoal solicitante poda incluír dúas actividades no lugar de dúas, tal e como recolle o borrador.](#)

### **Artigo 5. Persoas Beneficiarias**

No apartado 1 deben incluírse entre as persoas beneficiarias ás persoas con liberación sindical xa que no textos explíctase: que exerza docencia directa co alumnado, equipos de orientación específicos, postos de asesoría dentro da estrutura administrativa da Consellería e na Inspección educativa.

A limitación establecida no artigo 5.4, pola que o profesorado substituto só poderá acceder ás axudas cando polo menos o 85 % da actividade subvencionable se desenvolva durante o período do seu nomeamento, resulta excesivamente restritiva e pouco coherente cos principios de igualdade, eficacia e fomento da formación permanente recollidos na propia orde.

O profesorado substituto tamén forma parte do sistema educativo, exerce docencia directa co alumnado e participa das mesmas necesidades de actualización profesional e pedagóxica. Ademais, na realidade das substitucións constatamos que moitos nomeamentos acaban sendo de curta duración ou teñan interrupcións alleas á persoa que está realizando a substitución. Condicionar o acceso ás axudas a unha porcentaxe tan elevada como o 85 % supón, na práctica, excluír unha parte importante do colectivo de docentes substitutos, un dos colectivos con maior precariedade e inestabilidade laboral. Cómpre recordar o incumprimento reiterado do dereito a que se lle efectúe un nomeamento polo mes de xullo e polos días de agosto que procedan, se prestou servizos durante cinco meses e medio.

Sabemos que a formación permanente do profesorado non ten un impacto limitado ao período concreto dun nomeamento, senón que repercute no conxunto do sistema educativo e na mellora da práctica docente futura. O coñecemento adquirido pola persoa docente mantense e transfírese ás substitucións que realice nos diferentes momentos do curso académico.

Por todo o anterior, considérase necesario revisar esta limitación e establecer criterios abertos e proporcionais á realidade laboral do profesorado substituto. Neste sentido, non parece coherente esixir neste caso unha vinculación do 85 % da duración da actividade formativa co período de nomeamento,

especialmente cando a formación permanente constitúe un elemento esencial para a mellora do sistema educativo e da práctica docente.

[Aceptan incluír a todo o persoal docente galego en activo.](#)

### **Modificación e ampliación do artigo 7 relativo ás actividades subvencionábeis.**

Nova proposta de redacción do artigo .

-As axudas concederanse para actividades de formación directamente relacionadas coa igualdade, convivencia e inclusión, saúde e benestar, coas tecnoloxías da comunicación e información, co ámbito STEM (ciencia, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas), coa normalización lingüística, co plurilingüismo e o ámbito artístico.

O novo Decreto de formación permanente do profesorado presenta unha concepción ampla da formación, vinculada ás necesidades do sistema educativo galego, á mellora da calidade educativa e ao desenvolvemento profesional docente entre as que recolle que “a formación docente debe contribuír á normalización do galego, garantindo a capacitación lingüística e didáctica do profesorado para o uso da lingua galega en todas as áreas do coñecemento”. Mais, cando a proposta da Orde de reintegros 2026 concreta as actividades subvencionábeis, visibiliza ámbitos como igualdade, convivencia, inclusión, saúde e benestar, STEM, plurilingüismo ou competencia dixital, e non aparece referencia expresa á lingua galega, á súa didáctica ou á normalización lingüística no ensino.

Esta ausencia resulta relevante porque o concepto de plurilingüismo non substitúe as políticas específicas de normalización do galego. A falta dunha referencia explícita pode supoñer unha perda de centralidade da formación vinculada á promoción do galego e a invisibilizar unha das necesidades do sistema educativo galego. Neste sentido, considérase necesario coas necesidades do profesorado e co espírito do propio decreto incorporar expresamente entre as actividades prioritarias subvencionábeis a formación en lingua galega, didáctica da lingua galega, sociolingüística e normalización lingüística nos centros educativos.

### **Artigo 16**

Modificación do apartado 16.5.

Solicitamos a inclusión na comisión de valoración da parte sindical como representante do profesorado.

### **Artigo 23**

Cambiar a data por 5 de decembro de 2026